

Gandeiras e Gandeiros Galegos (ELES ELAS)

1 POLAS ECONOMIAS FAMILIARES:

- Ter en consideración as características das explotacións de Galicia a hora de negociar a P.A.C. referido o minifundismo e as características do terreo. E ter en conta Galicia a día de hoxe cando somos a comunidade que mais gando ten e a que está a cumprir cos estándares establecidos pola directiva de Nitratos de Europa.
- Eliminación do Cuaderno dixital de explotación.
- Establecer liñas de axuda específicas para explotacións de ámbito familiar adaptadas as súas necesidades (fosas sobredimensionadas, implantación de lugares para o abono sólido, cierres de fincas ...)
- Facilitar o sistema de cotización agrario como por exemplo establecendo un coeficiente reductor xa que a nosa xornada laboral é de 365 días o ano 24 horas o día e a xornada media estatal e laborales de 37'8 semanais .
- Impedir que os fondos dedicados o sistema agrario sexa destinados a industrias tipo telefónica, constructoras, igrexa... que xa teñen outras liñas de axuda como as I.C.O. e penalizar o seu desvío.
- Que as axudas a P.A.C. sexan percibidas por que está no réximen agrario.
- Desenvolvemento para anticipar os problemas derivados da fauna silvestre como lobo, Xabarin co seu sistema de axudas en caso de necesitalo.

POR UNHA ADMINISTRACION EFICAZ

- Simplificación da burocracia e axilizar a comcesi3n de permisos necesaria para o desenvolvementos das actividades agrarias. Cuns plans nos cales poidan optar xente con mais idade que os límites establecidos na actualidade.
- Garantía o cobro da P.A.C. en tempo e forma e que non se use como un sistema de beneficio ou especulación para outras entidades.
- Adaptar o decreto de fertilización as condicións da situación Galega .

- Simplificación para as solicitudes para a corta de arbores e o movemento de terras para a preparación para uso agrícola .

- POLA CALIDADE ALIMENTARIA

- Impedir a entrada de produtos de terceiros países con un control fitosanitario inferior ou de peor réximen co de control de P.A.C.

- Permitir cunha capacitación ou formación profesional adaptada a utilización de sistemas sanitarios como a implantación de calcio antibiótico coa supervisión veterinaria. E a eliminación do modelo veterinario de explotacións

- Un control mais eusastivo e detallado según a situación de cada explotación vacuna lingual azul (cando os animais están con sensibilidade varias partos etc) . Contar con un botiquín de explotación de primeira necesidade para os Gandeiros.

- POLA ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Recuperación da superficie agraria útil invadida por outros cultivos invasores (eucaliptos)

- Establecer Unha figura útil para denunciar o uso de unha superficie de Terra útil para o uso agrícola en outro uso como industrial ou monocultivo perxudiciais para o terreo.

- Eliminar axudas para grandes corporacións pretendan implantar proxectos de grandes dimensión territorios como implantacións industrias e mono cultivos...

-